

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS BONO-TAXI PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

.

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas con mobilidade reducida atopan graves dificultades á hora de afrontar desprazamentos cotiáns, cuestión na que non sempre reparamos as persoas que non temos mermadas as nosas capacidades físicas.

Os problemas de accesibilidade do noso pobo para persoas cunha discapacidade física que afecta gravemente á súa moBilidade ou simplemente para os nosos maiores, así como a falta de adaptación, en moitos casos, dos medios de transporte públicos colectivos e privados fan que calquera desprazamento sexa unha dificultade engadida, ás veces insalvable, para estes colectivos que ven gravemente afectada a súa mobilidade.

Diferentes estudos e proxectos de innovación social conclúen que é necesario que as políticas sociais enfocadas aos colectivos máis vulnerables ao illamento, como poidan ser as persoas ás que xa nos referimos, fagan fincapé na importancia de cubrir as necesidades de transporte destes colectivos aconsellando iniciativas e medidas enfocadas a facilitar o uso do transporte público e, si isto non é posible, organizar sistemas de transporte alternativos e asistir ás persoas que viron mermada a súa mobilidade.

A frecuencia coa que se implementan estas iniciativas é máis ben escasa, aínda que implican un factor primordial á hora de contrarrestar a exclusión destes colectivos e supoñen un claro beneficio en todos os ámbitos das súas vidas.

Son moitos os Concellos que dende fai anos comezaron a poñer en marcha accións consistentes na creación dunha liña de axudas que teñen como finalidade ofrecer un servizo para desprazamentos en taxi a persoas con discapacidade gravemente



afectadas na súa mobilidade, que teñan graves problemas para utilizar os transportes públicos colectivos concedendo unha axuda económica anual en base ás condicións económicas da unidade familiar que é xustificada unha vez finalizado o ano.

Por todo iso, dende este grupo municipal **propoñemos:**

- 1.- Que o Concello de Carballo poña en marcha a creación dunha liña de axudas bono-taxi para persoas gravemente afectadas na súa mobilidade.
- 2.- Que se inclúa nos vindeiros e sucesivos orzamentos a partida necesaria para a concesión das axudas bono-taxi

Carballo a 11 de febreiro do 2020.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL